



## / O que fixemos... / Representación teatral.

### Ensaio singulares.

O pasado día 3 de decembro, o coro de Tanxedoira puido gozar de forma extraordinaria dun ensaio algo atípico, xa que o realizou na igrexa do Mosteiro de San Salvador de Bergondo.



Asistentes no Mosteiro de San Salvador de Bergondo.

Así mesmo, o día 7 do mesmo mes, tanto o coro como a rondalla realizaron outro ensaio singular na igrexa do antigo Convento das Capuchinas, na Coruña. En ambas as igrexas, descubriron a boa sonoridade e tamén o pouco esforzo que se precisaba para que as voces se escoitasen con claridade, mais sempre coas boas indicacións do noso querido director, facendo fincapé nos alicerces do canto: boa postura, a respiración, cantar no rexistro correcto e a articulación. Agardanos poder desfrutar en máis ocasións destes lugares tan entrañábeis! 📌

**Luis López.**

O pasado 12 de decembro, o Grupo de Teatro Tanxedoira fixo gala, como sempre, do seu traballo e saber facer sobre as "táboas" para levar alegría, entretemento e diversión por onde pasa.

Nesta ocasión levaron a diversión á Institución Benéfico Social Padre Rubinos, para poñer en escena dúas "pinceladas" de dúas zarzuelas, que no seu momento o grupo de teatro xa fixo completas. Elixiron dous momentos cómicos e musicais de *La tabernera del puerto* e *La Dolorosa*, cos que o público presente riu, cantou e aplaudiu, e pasouno de marabilla.

O elenco implicado en cada peza foron:

#### **La Tabernera del Puerto:**

Marola.....	Carmen Cabrero
Leandro.....	Fernando Vela
Antigua.....	Rosadelia Moreno
Ripalda.....	Enrique Vela
Abel.....	Ana Vilariño

#### **La Dolorosa:**

Hermano Rafael.....	J.Luis López
Perico.....	Jesús García
Nicasia.....	Olga Espiñeira
Bienvenido.....	Manolo Rama
José.....	Manolo Riestra



Actrices e actores que representaron as obras.

Toda as persoas que integramos o grupo de teatro estamos moi orgullosos do traballo realizado e de levar un rato de felicidade e entretemento alá onde nos chaman, e máis nestas datas tan sinaladas.

Felices Festas a todas e todos de parte do Grupo de Teatro Tanxedoira

e Danay, mais non conseguimos facelo dunha forma tan sensual coma elas.

*Fernando Vela.*

## Gañadores Concurso Postais Tanxedoira 2016

Ola!!

Xa temos as persoas gañadoras do Concurso de Postais Tanxedoira '16.

Son as seguintes:



Categoría infantil:  
**Sofía Amor Manteiga.**



Categoría adultos:  
**Julio Seijas Gómez.**

Noraboa e moitas grazas a todas e todos por participardes

*Tanxedoira.*

## Festival de Nadal.

O sábado 17 de decembro celebrouse o Festival de Nadal no Salón de Actos do Centro Cívico de Novo Mesoiro.

A mostra de actividades realizada polo alumnado e profesorado foi moi aplaudida por todos os asistentes.

A primeira actuación foi a do CORO, coa que desfrutamos das fermosas voces dirixidas sabiamente por David Loureiro.

De seguido, subiron ao escenario dous aprendices de acordeonistas, que non parecían aprendices porque o fixeron de marabilla.

Despois, os espectadores e espectadoras tentamos seguir o ritmo da música que bailaron Noelia, Leticia

A continuación, a orixinal e moi ben interpretada obra posta en escena polo grupo de TEATRO. A seguir gozamos do BAILE en grupo. Ambas as actuacións aplaudidas con moito entusiasmo.

Antes da entrega de premios do concurso de postais, puidemos escoitar dúas panxoliñas da actividade de guitarra. Fixéronnos pasar un bo intre o grupo de maiores e novos aprendices, dirixidos polos mestres Javier e Leti.

As guitarras deixaron paso ao BAILE de Danay e Diego. E tras unha chea de aplausos que recibiron, fixeron a entrada no escenario o grupo convidado Banda de gaitas Álvaro Cunqueiro - O Lago. Que marabilla escoitalos! Aproveitamos para lles agradecer a súa colaboración no festival.

Por último, tivemos a actuación da RONDALLA, que, coma sempre, nos deixa con dor nas mans de tan forte como aplaudimos.

E non podemos esquecernos de felicitar a gañadora da impresionante cesta de Nadal. Que a disfrute con alegría e saúde!

*Luca Angeriz.*

## Nadal en Santa María de Oza.

O día 17 de decembro, entre as actividades programadas pola parroquia de Santa María de Oza con motivo da celebración do Nadal, o Coro e a Rondalla de Tanxedoira actuaron en tan significativa igrexa para a Asociación.



*A Rondalla Tanxedoira na súa actuación.*

Os asistentes, así como os compoñentes de ambos grupos artísticos, gozaron dunhas actuacións que

se viron enriquecidas polas particularidades de tan acolledor espazo👇

*José Luis Ponte.*

## Desde Cáritas San Cristovo das Viñas.

Ola, Tanxedoiro/as,

Quero darvos as grazas en nome dos meus compañeiros e compañeiras de Cáritas e no meu propio.

Todo comezou no ano 2015 un día que no local de Tanxedoira falaba con David Loureiro do mal que ían as cousas pola parroquia de S. Cristovo. Entón el comentoume: "Se queres imos un día e cantamos na igrexa e así recádase algo máis..."

Nese momento iluminouseme algo, comenteino cos meus compañeiros e compañeiras e adiante, comezou o primeiro festival de Cáritas S. Cristovo das Viñas. Éxito total.

Grazas David "Contigo comezou todo"

E quérovos dar as grazas porque sodes un grupo de xente "ESPECIAL" colaborastes nas actuacións, colaborastes con alimentos e colaborastes axudándome a min en todo o que precisei. Por iso e moito máis, eu, persoalmente quérovos dar as grazas.

Mención especial ás nenas que estiveron a vender as rifas (espectaculares) todas de Tanxedoira (boa semente).



*Actuación do Coro Tanxedoira.*

Canto ao festival en concreto, dicirvos que houbo un pouco menos de audiencia (comentaban que polo partido do Dépor ) e, consecuentemente, menos

recadación; mais estamos moi contentos, xa que nos dá para pagar a cociña económica e algún pequeno gasto máis que tiñamos.

Agardo que o ano que vén nos vexamos outra vez no 3º Festival de Cáritas San Cristovo das Viñas.

Deséxovos unha feliz Noiteboa e que o ano 2017 vos dea todo o que lle pidades.

GRAZAS👇

*Maxi García.*

## Unha chocolatada de rechupete!

Como xa vén sendo tradicional na Asociación Tanxedoira, o pasado 7 de xaneiro reunímonos para celebrar a chegada do novo ano cunha exquisita chocolatada.

Entre risas, cantos, bailes e xogos foron pasando as horas enchendo de ledicia e emoción o lugar.

Tanto maiores como pequenos tratamos de gozar dunha fría tarde, con eses churros e chocolate de "Bonilla"... Que fariamos sen eles!. Tamén degustamos un delicioso Tiramisú, quedando as bandexas baleiras do rico que estaba, ademais repartimos unhas galletas decoradas con moito agarimo para todos os presentes.



*Galletas especiais para un día tamén especial.*

Para completar a tarde, Leticia convidounos a participar nun Karaoke moi divertido onde todo o que quixo puido botar uns cantos. E, como bos artistas que somos, non podíamos deixar pasar esta oportunidade.

En fin, a pesar de todo, botamos de menos ao resto do grupo que non puideron asistir, por diversas razóns.

Para min foi un pracer poder compartir varias horas tan entretidas con compañeiros, familiares e amigos



Quero agradecer a todos a acollida que me destes facéndome sentir como en familia, xa que parte da miña non vive aquí. Ten moito de verdade o slogan tan popular “A Coruña, a cidade onde ninguén é forasteiro” 📌

*Ana María Ramos.*

## Pandeireta e abelorios.

Da man de Cristina e Pedro (dous novos colaboradores dentro da familia Tanxedoira), púxose en marcha unha nova acción formativa: pandeireta, que vén enriquecer o grande número de actividades que desenvolve a Asociación.

Tamén se quere agradecer a Paula, membro da Asociación, a súa dispoñibilidade para facer posíbel impartir outra nova actividade como é a de abelorios.

Queremos dar as grazas a estes xoves que, dun xeito desinteresado, deciden compartir con todos e todas nós aquilo que saben, á vez que vos animamos á vos inscribades nos cursos.

As mencionadas actividades desenvolveranse nos seguintes días e horarios:

Pandeireta: xoves de 19:00 a 20:00 horas.

Abelorios: martes de 18:00 a 19:00 horas 📌

*Tanxedoira.* 📌 22 de Abril.

## ¡Aqueles maravillosos anos!



23/07/1988.- Tanxedoira na igrexa de Sta. Mª de Oza.

## / A destacar.../

### Axenda

📌 4 de Febreiro.

**FUNDACIÓN PADRE RUBINOS.-** Actuación de grupo artístico. 17:30 horas.

📌 18 de Febreiro.

**ENTROIDO.-** Menú especial: Laconada. Celebrarase no Centro Sociocomunitario do Barrio das Flores. Hora: 14:30. Prezos: 16 € adultos e 10 € menores de 10 anos. Folla de inscrición no local social ata o día 11 de febreiro.

**ANIMÁDEVOS E VIDE DISFRAZOS!**



**FESTIVAL XXXIX ANIVERSARIO.-** Actuación do alumnado de diversas actividades, coa participación do Coro e a Rondalla da Asociación, ademais dalgún ou algúns grupos invitados. Lugar: Centro Cívico Os Mallos. Hora 17:30. Entrada de balde.

## / Non perdas.../

### IV Certame de fotografía Fernando Pombo.

Xa se está a organizar unha nova convocatoria do concurso fotográfico que celebra anualmente Tanxedoira, e as bases estarán publicadas, a partir do día 14 de febreiro, tanto no taboleiro da Asociación como na web [www.tanxedoira.org](http://www.tanxedoira.org).